Materia: Xeografía e Historia de Galicia

Esquema para a Unidade 11: A Poboación e a Organización do Poboamento

1. A Evolución da poboación en Galicia.

1ª metade XX_ tendencia de medre continuo e intensidade moderada. Episodios de crecemento forte en 1931 e 1940.

A partir 1950 a desaceleración demográfica.

A partir de 1980 a dinámica regresiva mitigouse.

Desde 1986 continuou a evolución vexetativa negativa.

1.1 O movemento natural

século XX_ Redución taxa de natalidade e mortaldade. Crecemento vexetativo positivo, agás décadas dos 60,70 e 90.

1.1.1 Natalidade

Inicio XX:Taxa elevada.

Até 1945. Alternancia entre períodos de descenso e recuperación.

1945-1980 Período de perdas. Anos 80: (-10 ‰).

Motivos da redución: procesos de urbanización, aumento de nivel cultural, avellentamento, incidencia da emigración, promoción social e laboral da muller.

1.1.2 Mortaldade

Inicio século XX. Altas taxas de mortaldade. (Elevada mortaldade infantil 161 ‰).

1920-1970 Descenso da mortaldade (-10‰).

1970 Iníciase incremento (fase regresiva nos 80).

Xeograficamente o índice de mortaldade medra da Costa ao interior.

1.2 Saldo vexetativo

século XX: tendencia decrecente xeneralizada. 2 períodos de crecemento: década dos 20, retroceso da mortaldade.

1940-1960 Reponte da natalidade

Na actualidade dicotomía entre Galicia occidental (saldo positivo) e Galicia oriental (estancamento e decrecemento).

1.3 Os movemento migratorios

Causa principal: desequilibrio entre a poboación e os recursos.

Condicionou a evolución demo e económica do país.

Dous tipos de correntes: Movementos internacionais. Movementos con destino áreas de España.

A partir dos 80, Galicia convértese en país receptor de inmigrantes.

1.3.1 Movementos internacionais

Mediados XIX- 1ª décadas XX Destino: América (Cuba, Arxentina, Brasil).

1946-1960. Destino: América (Venezuela, Arxentina, Brasil).

1960-1980. Destino: Europa (Suíza, Alemaña, Francia).

1.3.3 Emigración interior

2ª metade do século XX: Procesos de urbanización e industrialización do Estado.

Destinos: Euskadi, Barcelona, Madrid. A partir de 1980 destino: Illas Canarias.

2. A estrutura e distribución da poboación.

2.1 A Estrutura por sexo

1900 Feminización da estrutura da poboación. Causas: emigración masculina, maior duración media de vida das mulleres.

1960 Redúcese a desproporción entre sexos.

2005 Maior equilibrio entre sexos. Zonas montañosas existe maior feminización.

2.2 A composición por idade

Decrecemento das persoas novas: Menores 16 anos: comezos séc XX: 40%

Na actualidade: 10%

Persoa de idade: 1900: 5/7%

Na actualidade: 20/30%

Lugo e Ourense maior avellentamento.

2.2.1 Avellentamento

Amplas franxas do territorio, profundo avellentamento. Concellos interior 30%. Zona montañosa.

36,8 % dos concellos conta con mais do 10 % por riba dos 80 anos. Interior do país.

2.3 A Inmigración na realidade galega

A partir dos 80, Galicia converteuse en país receptor de inmigrantes.

Causas: procesos de globalización. Avanzo económico do Estado.

En 2008: 2,92 % da poboación galega.

Rexuvenecemento da poboación galega.

Orixes principais: Portugal / Colombia / Romanía.

Localización: Pontevedra / A Coruña maior presenza núcleos urbanos.

Ourense / Lugo: menor presenza.

Actividades: hostalaría, servizo doméstico, venda ambulante.

Galicia, 1ª comunidade receptora de emigrantes retornados.

3. O proceso de urbanización e a modificación do poboamento.

1ª metade do séc XX:

Galicia, espazo de identidade rural. Maioría da poboación ocupada na agricultura. Sistema agrario policultivo intensivo.

A partir de 1960:

Agricultura: Transformación dun modelo de autoconsumo cara un modelo capitalista. Movementos migratorios desde 1950 ate 1973. Industrialización e terciarización da sociedade. Mellora dos sistemas de transporte e comunicacións.

Entre 1980/1990: Procesos de periurbanización no entorno das cidades. Eixo litoral dinámico con carácter urbano. No interior, marcado carácter rural. Excepción: núcleos próximos ás vías de comunicación (Verín, Sarria, Melide). Puntos de industrialización: Valdeorras, As Pontes, Burela, Celeiro.

3.1 Imbricación rural-urbano:rururbano

Cidade compacta vs cidade difusa.

Morfoloxía heteroxénea. Urbanización en precario. Mestúranse usos terciarios e industriais con residenciais. Formas diversas nas edificacións.

Finais dos 70, procesos de periurbanización nas cidades.

4 A problemática medio ambiental nos espazos urbanos.

Principais impactos ambientais, polución atmosférica, contaminación das augas, residuos sólidos urbanos.

Polución atmosférica. Orixe: tráfico urbano e actividade industrial. Problemáticas: alerxias, doenzas respiratorias, efecto invernadoiro, chuvias ácidas.

Nas cidades galegas, o tráfico urbano principal causa de deterioro da calidade ambiental.

Alternativa, uso do transporte público.

Contaminación das augas: alta concentración de materia orgánica e contaminantes microbiolóxicos. Incidencia sobre ríos e zonas costeiras. Tratamento en estacións depuradoras.

Residuos Sólidos Urbanos (RSU)

Representan o 50 % dos residuos producidos en Galicia.

Incineración como principal método de xestión. Recollida selectiva de envase de plástico, vidro e papel.

Sistemas de compostaxe residuos orgánicos (A Coruña e comarca de Noia).

5 A transformación do poboamento rural

Mudanzas na distribución e estrutura dos asentamentos rurais.

A vivenda, mudanzas nos materiais e aspecto externo. Só uso humano. Localización espallada das novas vivendas. Ocupación de terras de alta calidade agrícola. Incremento do uso como residencia secundaria. Pequenas urbanizacións residenciais.

Causas: Transformacións estrutura económica de Galicia. Perda de peso sector primario. Consecuencia: Expansión de hábitos de vida urbana (modos de vestir, diversións, réxime alimentar, lecer).

Na costa galega proliferan vivendas destinadas usos turísticos. Trazado de novas vías de comunicación, elemento de transformación do poboamento rural. Maior intensidade nas principais vías de comunicación.

6. Comarcalización

Elemento básico de organización territorial. Presenta cohesión interna, artellamento de redes locais. Cabeceiras comarcais definidas por localización (encrucilladas), centros de actividades económicas (mercados, feiras).

séc.XIX Partidos xudiciais, fixan a estrutura comarcal.

séc. XX (1997) Elabórase o mapas das comarcas (53 comarcas).

Nos territorios occidentais: comarcas de pequena superficie, maior poboación.

Na zona oriental: comarcas de maior tamaño, menor poboación.